



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e Empresa

Traballo de
fin de grado

A crise económica e os
seus efectos sobre a
pobreza en España

Autor: Patricia Martínez Regueira

Titor: Novo Corti Isabel

Sánchez de Paz, Elena

Varela Candamio, Laura

Grado en Administración e Dirección de Empresas
Ano 2015

Traballo de Fin de Grado presentado na Facultade de Economía e Empresa da Universidade de A
Coruña para a obtención do Grado en Administración e Dirección de Empresas

Resumo

O problema da pobreza no mundo foi abordado dende sempre por organismos nacionais e internacionais, pero, en xeral, asociábase a países con menor grado de desenvolvemento. A crise económica global fixo que a desigualdade e a pobreza comezaran a ter un lugar importante nas axendas dos gobernos dos países desenvolvidos, tal como sucede en España. A partir de datos estatísticos obtidos fundamentalmente na *Encuesta de Condiciones de Vida* (INE) e de Eurostat, realizase un análise da pobreza en España en relación coa crise económica. Estúdanse as dimensións da pobreza a partir do estatístico AROPE creado no marco da Estratexia Europa 2020 e mediante un análise multivariante examínase a relevancia dos seus factores. Mediante un modelo de ecuacións estruturais explícase a carencia material en función da pobreza. Os resultados obtidos mostran un aumento da pobreza e a exclusión social como consecuencia da crise económica e o crecemento da pobreza laboral como resultado do empeoramento do mercado laboral.

Palabras clave: pobreza e exclusión social, desemprego, carencia material, crise económica e AROPE

Abstract

Poverty in the world has always been approached by national and international organizations but, in general, it was associated to countries with lower level of development. The global economic crisis made inequality and poverty began to have an important place in the agendas of governments in developed countries, such as Spain. From statistical data of the *Encuesta de Condiciones de Vida* (INE) and Eurostat, it is analysed poverty in Spain in connection with the economic crisis. The dimensions of poverty are studied from the statistical AROPE created in the framework of Europe 2020 and the relevance of its factors is examined through a multivariate analysis. Material deprivation depending on poverty is analysed using a structural equation model. The results show an increase of poverty and social exclusion as a result of the economic crisis and an increase in working poor as a result of the deterioration in the labour market.

Keywords: poverty and social exclusion, unemployment, material deprivation, economic crisis and AROPE

Índice

Resumo	1
Abstract.....	3
Índice.....	5
Índice de figuras.....	7
Índice de táboas	9
Introducción.....	11
1. Pobreza e exclusión social	13
1.1. Pobreza absoluta e relativa.....	14
1.2. A pobreza laboral.....	15
1.3. Exclusión social.....	15
2. Crise económica	17
3. Situación actual da pobreza en España.....	21
4. A pobreza e as suas dimensións	29
4.1. Estratexia Europa 2020	29
4.1.1. Obxectivos da Estratexia Europa 2020	30
4.1.2. Obxectivos a acadar en España	31
4.2. Indicador AROPE.....	31

4.2.1. Pobreza monetaria	34
4.2.2. Privación material severa.....	35
4.2.3. Baixa intensidade de traballo por fogar.....	36
4.3. Estado dos obxectivos.....	38
5. A privación material, a pobreza e o desemprego	41
6. Resultados	43
6.1. Análise dos factores AROPE	43
6.2. Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión.....	44
7. Conclusións	47
8. Bibliografía	49

Índice de figuras

Ilustración 1: PIB a prezos de mercado, miles de €	18
Ilustración 2: Evolución da Taxa de Paro	19
Ilustración 3: Taxa de risco de pobreza segundo o perfil demográfico, ano 2013	22
Ilustración 4: Taxa de risco de pobreza segundo a relación coa actividade	23
Ilustración 5: Evolución do desemprego en España.....	24
Ilustración 6: Taxa de risco de pobreza por CC.AA, 2013.....	27
Ilustración 7: Poboación en risco de pobreza segundo o tipo de risco, España 2013..	33
Ilustración 8: Comparación da taxa de risco de pobreza de España e a Area Euro	34
Ilustración 9: Privación material severa, segundo a idade e sexo	35
Ilustración 10: Privación material severa e taxa de risco de pobreza para a Área Euro e España, 2013	36
Ilustración 11: Fogares con baixa intensidade laboral.....	37
Ilustración 12: Modelo de privación, pobreza e exclusión	42
Ilustración 13: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión	44

Índice de táboas

Táboa 1: Diferenzas entre pobreza e exclusión social	16
Táboa 2: Taxa de risco de pobreza por tipo de fogar, ano 2013	26
Táboa 3: Evolución dos obxectivos da Estratexia 2020	38
Táboa 4: Resultados do análise factorial confirmatorio do indicador AROPE	43
Táboa 5: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión	45

Introducción

O estudo da pobreza adquiriu unha especial relevancia nos últimos anos, sobre todo naqueles países desenrolados onde este problema semellaba superado e que durante a crise económica iniciada no ano 2007 sufriu un gran crecemento.

O crecemento económico sostido que tivemos en España durante máis de 15 anos non reduciu as taxas de pobreza debido a que neste período non se abordaron problemas tales como a baixa calidade da educación, un mercado de traballo con altas taxas de desemprego e pouca cualificación ou a existencia de desigualdades entre as Comunidades Autónomas (Fresno, 2011).

A crise económica provocou un aumento do desemprego sen precedentes, deixando a moitas persoas sen ingresos e aumentando o número de fogares nos que todos os seus membros se atopan desempregados, reducindo a renda dispoñible e incrementándose en gran medida a pobreza e a exclusión social. Ademais da destrución de emprego, o mercado laboral español sufriu un empeoramento en termos cualitativos.

Os obxectivos deste traballo son, en primeiro lugar, analizar aqueles perfís de poboación que se atopan nunha situación máis vulnerable con respecto á pobreza. Por outro lado, estudar a relación existente entre a crise económica e a evolución da pobreza. Tamén se tiveron en conta as consecuencias que o patrón de crecemento deixou sobre a economía española e que afectan o mercado laboral, un dos principais métodos de integración social.

Outro dos obxectivos consiste en realizar un análise das dimensións da pobreza, segundo o indicador proposto pola Unión Europea na Estratexia Europa 2020, non só estudar a dimensión monetaria da pobreza como se realiza habitualmente.

Estes obxectivos abórdanse dende a contextualización do marco teórico do estudio da pobreza e a exclusión, xunto cunha análise aplicada para o caso de España, en base aos datos facilitados polas estatísticas oficiais.

Dadas as características multidimensionais das variables analizadas (principalmente a pobreza e a privación material) están foron tratadas como variables latentes (non directamente observables), conformadas por indicadores (ou variables observables). A súa propia construción e as interrelacións entre elas foron abordadas mediante un análise de ecuacións estruturais.

Os resultados poñen de manifesto a interrelación entre a pobreza e a privación material, así como a influencia que nelas exerce a situación de desemprego, particularmente nun contexto de crise económica, como a situación actual en España.

1. Pobreza e exclusión social

A pobreza é un fenómeno complexo no que inflúen unha gran cantidade de factores e existen diversas perspectivas.

En este apartado analízase a pobreza dependendo dun nivel de referencia, que varía segundo os limiares fixados. Esta clasificación está moi estendida e refírese as medidas de pobreza absoluta e relativa.

Ademais o concepto de pobreza está moi ligado a elección dunha variable monetaria para a súa medición. Habitualmente selecciónanse variables que representen ou ben os ingresos ou ben os gastos e tanto poden ser referidos aos individuos ou ben aos fogares nos que residen.

Sen embargo esta elección non é sinxela posto que os ingresos poden variar dun ano a outro e as condicións de vida seguir sendo as mesmas. O gasto pola súa parte depende das pautas de consumo dos fogares que varía en gran medida dependendo do entorno no que se viva e as costumes adquiridas ao longo do tempo (Instituto Nacional de Estadística, 2007).

As medidas de pobreza xeralmente consideradas como máis relevantes e que o seu uso está moi estendido actualmente para definir da forma máis clara e sinxela posible a pobreza, son as tratadas nos seguintes apartados. Ademais, tamén se introduce un novo termo de pobreza, a pobreza laboral, que comeza a ser un fenómeno importante no continente europeo e por último, a exclusión social, que está moi relacionada co concepto de pobreza aínda que existen varias diferenzas entre elas.

1.1. Pobreza absoluta e relativa

A pobreza é un fenómeno difícil de definir, posto que, ademais de posuír unha importante carga ética, presenta unha natureza moi diversa e un carácter multidimensional (Pérez Moreno, 2009).

Un dos enfoques máis utilizados para tratar de medir a pobreza consiste en buscar un xeito en que se poida cuantificar. Nesta forma de definir a pobreza utilízanse conceptos absolutos ou relativos.

En primeiro lugar, a pobreza absoluta defínese como un conxunto de necesidades básicas non satisfeitas, habitualmente ligadas ao concepto de subsistencia e que, por tanto, require identificar os recursos ou os consumos mínimos necesarios para a vida humana. Este enfoque é máis utilizado nos países en desenvolto, onde os problemas de supervivencia son máis importantes, que no grupo de países máis desenvolto (Hernández Pedreño, 2010).

Outras definicións de pobreza absoluta son as realizadas por diferentes organismos internacionais, como por exemplo o Banco Mundial que fixa a pobreza extrema con vivir con menos de 1,25 dólares estadounidenses ó día e a pobreza moderada con vivir con menos de 2 dólares o día¹. O INE define a pobreza absoluta como aquela situación onde non están cubertas as necesidades básicas do individuo, é dicir, existe carencia de bens e servicios básicos, tales como a vivenda, a alimentación e o vestido (Instituto Nacional de Estadística, 2007).

Por outro lado, a pobreza relativa defínese por comparación co estándar nunha sociedade determinada, fixando limiares en función de algunha medida representativa (media, mediana, percentis) da distribución dos ingresos, ou de algún indicador máis complexo das condicións de vida (Hernández Pedreño, 2010).

Segundo o enfoque de pobreza relativa considerase que un individuo é pobre cando se atopa nunha situación de desvantaxe, tanto económica como socialmente, respecto o resto de persoas do seu entorno. Neste punto de vista a pobreza está moi vinculada ao concepto de desigualdade (Instituto Nacional de Estadística, 2007).

Ademais do aspecto monetario da pobreza existen outros, como por exemplo os que recolle o indicador AROPE, creado pola Unión Europea dentro da estratexia de

¹ <http://datos.bancomundial.org/indicador/SI.POV.GAPS>

<http://datos.bancomundial.org/indicador/SI.POV.GAP2>

crecemento para esta década (Europa 2020). Este novo indicador agrupa tres factores: poboación que vive baixo o limiar da pobreza, privación material severa e poboación con baixa intensidade de traballo por fogar (Lorenzo Gilsanz, Española, & FOESSA, 2014).

1.2. A pobreza laboral

Dende principios dos anos oitenta ata a actualidade xurdiu na Unión Europea un novo concepto de pobreza, coñecido co termo de *working poor*. O fenómeno dos traballadores pobres estase estendendo como consecuencia da crise económica sufrida e os recortes en prestacións sociais.

Os traballadores pobres son individuos ocupados e que pertencen a fogares onde a renda anual dispoñible encontrase por debaixo do limiar da pobreza (Aragón Medina, Cruces Aguilera, Fuentes Sanz, Martínez Poza, & Otaegui Jáuregui, 2012). É dicir, son persoas que a pesares de ter un contrato laboral legal e estar asalariados non conseguen deixar de ser pobres.

O termo é complexo, posto que existen dúas dimensións na análise da pobreza dos traballadores: o seu salario e os ingresos e estrutura dos seus fogares. Estes traballadores teñen un salario baixo, ademais, ocupan empregos de moi baixa calidade, nos que o nivel de estudos esixido é mínimo, o emprego é temporal, a tempo parcial e ten gran rotación, e polo xeral están feminizados (García Espejo & Ibáñez Pascual, 2007).

1.3. Exclusión social

A miúdo existen dificultades para distinguir entre o concepto de pobreza e o concepto de exclusión social, debido en gran parte porque xeralmente tenden a ir da man.

A exclusión social ten que ver coa insatisfacción e o malestar que ten calquera ser humano cando se encontra en situacións nas que non pode realizar aquilo que desexa e aspira para si e para aqueles aos que estima (Estivill, 2003). Polo tanto, a exclusión social é un proceso no cal os individuos ou grupos de individuos quedan excluídos dalgunha maneira da participación na sociedade da que forman parte.

O proceso de exclusión social ten dimensións tanto individuais como institucionais, e ten consecuencias económicas, políticas, cívicas ou culturais na pobreza.

Economicamente, as institucións e as ordes sociais existentes que actúan como axentes da exclusión social impoñen obstáculos a certos grupos ou individuos no desenrolo das actividades económicas, por exemplo, a participación no mercado laboral e o desenrolo empresarial. En segundo lugar, exclúese a certos individuos ou grupos dos dereitos de cidadanía e de igualdade política, e de procesos como a organización política, a formación de partidos e o dereito de sufraxio. En terceiro lugar, a exclusión social prodúcese cando aos individuos ou grupos se lles nega o acceso a actividades cívicas ou culturais (Wagle, 2002).

Aínda que normalmente se lle da un papel central aos cambios no mercado de traballo e a consecuente segmentación e precarización laboral como ámbito inicial da exclusión, hai que ter en conta que existen máis áreas onde pode xurdir a exclusión, como por exemplo, os ámbitos económico, educativo, relacional, residencial e os relacionados coa saúde e o acceso a novas tecnoloxías (Ayala Cañón & Hernández Pedreño, 2008).

A Táboa 1: Diferenzas entre pobreza e exclusión social presenta un resumo coas ideas principais que diferencian a pobreza da exclusión social:

Táboa 1: Diferenzas entre pobreza e exclusión social

Característica distintiva	Pobreza	Exclusión social
Situación	É un estado	É un proceso
Carácter básico	Persoal	Estrutural
Suxeitos afectados	Individuos	Grupos sociais
Dimensións	Basicamente unidimensional (carencia económica)	Multidimensional (aspectos laborais, económicos, sociais, culturais)
Ámbito histórico	Sociedades industriais	Sociedades pos- industriais e/ou tecnolóxicas avanzadas
Variables fundamentais	Culturais e económicas	Laborais
Riscos engadidos	Marxinación social	Crise dos nexos sociais
Dimensións persoais	Fracaso, pasividade	Desafiliación, resentimento
Evolución	Residual. Estática	En expansión. Dinámica


Fonte: Tezanos, 1999

2. Crise económica

A finais do 2007 comezan a notarse os primeiros síntomas de desaceleración económica a nivel internacional. O detonante desta é a desaceleración do mercado da vivenda en Estados Unidos e a súa vinculación coas hipotecas subprime (Alamá & Fuertes, 2009).

A continuación, analízase a progresión económica que se deu en España durante os últimos anos, os factores que axudaron a agravar a situación económica e tamén as consecuencias que a crise deixou. Na Ilustración 1: PIB a prezos de mercado, miles de € observarse como o PIB do país medrou de maneira considerable durante o inicio do século.

A partires do ano 2008 o PIB comeza a descender debido fundamentalmente a forte caída do sector inmobiliario, motor do crecemento económico experimentado. A inversión en vivenda tivo unha expansión moi intensa durante o período de crecemento. Sen embargo, a desaceleración na actividade do sector da construción xunto coa crise financeira fixo que esta desaceleración se propagase a outros sectores, amplificando a recesión. A redución da produción, do emprego e a caída dos prezos inmobiliarios tiveron un impacto directo sobre a renda dispoñible e a riqueza, producíndose de novo unha contracción sobre a inversión residencial, a actividade do sector e as industrias complementarias e tamén sobre o emprego (Ortega & Peñalosa, 2012).

Ilustración 1: PIB a prezos de mercado, miles de €

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE


O sector inmobiliario tivo unha gran importancia para explicar a gravidade da crise económica, posto que ten un peso no PIB moi superior o doutros países europeos. A inversión en vivenda é o compoñente da demanda que xera oscilacións cíclicas mais pronunciadas. Ademais, as características propias deste sector: a inversión presenta cambios posto que as expectativas do mercado teñen gran importancia na súa dinámica e é un sector moi intensivo en traballo que está relacionado con outras ramas da produción. Polo tanto, cando entra en recesión supón un axuste moi rápido e moi grande en man de obra, aumentando a taxa de desemprego (Ortega & Peñalosa, 2012).

O mercado de traballo é clave para entender a profundidade da crise económica. Os sectores produtivos máis importantes na economía española son intensivos en traballo, con escaso nivel tecnolóxico e cun baixo nivel de inversión en I+D. No sector da construción combínase unha elevada variabilidade da actividade e do ciclo produtivo cunha elevada temporalidade no emprego, ademais da utilización de traballo autónomo para dar mais flexibilidade. No sector terciario tamén medrou o emprego debido ao aumento da demanda interna e do turismo. Ademais, as empresas levaron a cabo un proceso de externalización dalgúns servizos como por exemplo a limpeza ou

a seguridade. Sen embargo, as condicións de traballo son precarias e tendese a reducir custos laborais (Banyuls i Llopis, Josep M, 2014).

As consecuencias que a crise económica tivo sobre o emprego están reflectidas na Ilustración 2: Evolución da Taxa de Paro, onde se observa a crecente evolución da taxa de desemprego dende o 2007 ata alcanzar un punto máximo no ano 2013 onde alcanzou o 26%. Sen embargo, o mais preocupante é a elevada taxa de desemprego xuvenil, que supera o 50%. Tamén cabe sinalar, que no 2013, a taxa de paro da persoa principal do fogar superou o 20%.

Ilustración 2: Evolución da Taxa de Paro



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da EPA, INE

Outro dos problemas que presenta a economía española é o déficit no comercio exterior, o que provoca que exista unha débeda externa. Nas fases expansivas aumenta o déficit posto que existe unha gran dependencia das importacións, mentres que as exportacións non aumentan de igual maneira, o que deu como resultado un aumento da débeda durante os anos de crecemento (Banyuls i Llopis, Josep M, 2014).

Por último existiu un deterioro fiscal moi grave e maior do previsto, debido a maior magnitude do esperado da recesión e a desaparición dos ingresos extraordinarios xerados polo sector inmobiliario. O agravamento da crise da débeda soberana durante o ano 2010 e as dúbidas en canto o sustento da facenda tivo como resultado adiantar

o proceso de consolidación fiscal de modo que se disparou o déficit público (Ortega & Peñalosa, 2012).

3. Situación actual da pobreza en España


A contextualización da situación descríbese mediante un percorrido pola situación de pobreza na que se atopa parte da poboación española e a evolución que experimentou nos últimos anos como consecuencia da crise económica e financeira que afectou gravemente ao país, así como focalizando en aqueles cidadáns que polas súas características se atopan nunha situación máis vulnerable fronte a pobreza.

A Ilustración 3: Taxa de risco de pobreza segundo o perfil demográfico, ano 2013 reflicte a taxa de risco de pobreza para o ano 2013 de diferentes clasificacións da poboación. A primeira está referida o sexo, a segunda clasificación e por grupos de idade, a terceira está referida o nivel de formación da persoa, se ten estudos primarios, secundarios ou universitarios e por ultimo vemos como é a taxa de pobreza en relación coa actividade, ocupados, parados, xubilados ou outros.

A Ilustración 3: Taxa de risco de pobreza segundo o perfil demográfico, ano 2013
Ilustración 1: PIB a prezos de mercado, miles de € amosa a practica igualación da taxa de risco de pobreza segundo o sexo, cando historicamente tendía a ser maior entre as mulleres, por idade vemos que os menores de 16 anos, é dicir, nenos e persoas novas teñen unha taxa de risco de pobreza arredor do 25%. Segundo o nivel educativo, observase unha relación inversa, xa que a taxa é maior para as persoas que teñen estudos primarios e secundarios e por ultimo, con respecto a actividade, a taxa de risco de pobreza rolda o 40% para os parados. Aquelas persoas que se

atopan desempregadas, a causa da destrución de emprego durante a crise económica, son os máis afectados, por tanto son os que se atopan en situacións de maior vulnerabilidade e en risco de exclusión social.

Ilustración 3: Taxa de risco de pobreza segundo o perfil demográfico, ano 2013



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV (INE)

En primeiro lugar, no relativo a igualación da taxa de risco de pobreza entre homes e mulleres, cabe destacar que esta se debe a que a crise económica tivo un maior impacto sobre os homes que sobre as mulleres debido a vinculación masculina co mercado laboral e a destrución de empregos tipicamente masculinos. Polo tanto, esta converxencia estase dando máis polo empeoramento da posición social dos homes que por unha mellora das mulleres (Valls Fonayet & Belzunegui Eraso, 2014).


Segundo a idades, as persoas novas ademais dos nenos, teñen as taxas de risco de pobreza máis altas. O gasto social está orientado maioritariamente a protección da xubilación e a enfermidade o que permite paliar os procesos de exclusión e pobreza asociados ao envellecemento. Sen embargo, existen importantes limitacións na protección por desemprego así como en políticas familiares que explican os procesos de exclusión e pobreza entre os máis novos (Fundación Foessa, 2014).

Tamén existen outros factores que fan máis vulnerable a este colectivo como o abandono escolar e o fracaso na inserción laboral. O elevado desemprego deste grupo ten un impacto considerable nas súas condicións de vida, aínda que non se traduce inmediatamente en exclusión social debido a colaboración que teñen das súas familias.

Outro factor que inflúe neste caso é o da propiedade da vivenda, debido aos importantes gastos que xera, por exemplo a hipoteca ou o aluguer para aqueles que puideron emanciparse, o que supón unha desvantaxe fronte a outros colectivos de maior idade que teñen a vivenda en propiedade (Fundación Foessa, 2014).

A próxima clasificación a estudar é a que garda relación coa actividade. Para facer esta análise a Ilustración 4: Taxa de risco de pobreza segundo a relación coa actividade 2009-2013 presenta unha comparativa entre os anos 2009 e 2013 onde se observan os cambios que se produciron para unha mesma agrupación entre estes anos.

Ilustración 4: Taxa de risco de pobreza segundo a relación coa actividade 2009-2013




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV (INE)

Cabe destacar dous cambios significativos: o primeiro é o forte aumento da taxa de risco de pobreza entre os parados. O segundo dos efectos a sinalar sobre a taxa de risco de pobreza é a súa diminución entre os xubilados.

As rendas das persoas maiores dependen principalmente do sistema de pensións da Seguridade Social, que se actualizan anualmente segundo a variación de prezos. En épocas expansivas é moi difícil que poidan seguir o crecemento das rendas medias, polo que se atopan por debaixo do limiar da pobreza. Sen embargo, en épocas de crise a caída das rendas fai que os limiares de pobreza diminúan, polo tanto, aqueles individuos con rendas que se poden considerar estables e están xusto por debaixo do limiar, como é o caso de moitos xubilados, cando caen as rendas do resto da poboación fai que estes se sitúen xusto por riba do limiar, diminuindo a taxa de risco de pobreza para este colectivo (Fundación Foessa, 2014).

O caso do aumento da taxa de risco de pobreza entre os parados explícase a través da Ilustración 5: Evolución do desemprego en España, onde se ve a evolución da taxa de paro e do número de parados dende o ano 2006, antes do inicio da crise económica, ata o ano 2014.

Ilustración 5: Evolución do desemprego en España



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

España parte dunha taxa de desemprego do 8,45% no ano 2006; pero a partires do ano 2008, tras pasalo boom inmobiliario a taxa de desemprego comeza a dispararse,

dende o 11,25% dese ano, ata alcanzares o punto máximo no ano 2013, onde se sitúa no 26,09 % e o número de parados supera os seis millóns de persoas. As causas deste espectacular crecemento débense fundamentalmente á desaceleración da actividade económica, que se manifestou no mercado de traballo a partires da segunda metade do ano 2008.

A redución tan intensa do emprego neste período debese a que a crise en España caracterízase por ter un mercado compoñente sectorial, destacando o papel da construción, onde entre os anos 2008 e 2012 se rexistra unha perda de 1,4 millóns de empregos. Este papel determinante da construción débese a burbulla inmobiliaria durante a última fase da etapa expansiva, cun peso na estrutura económica moi superior a media europea. Ademais, neste sector predomina o emprego de baixa cualificación e altas taxas de temporalidade. Esta forte caída no sector inmobiliario tivo importantes efectos de arrastre sobre outros sectores ligados a esta actividade (Rocha & Aragón, 2012).

As características xa mencionadas do mercado laboral español están dando lugar a que o emprego xa non sexa unha protección segura fronte a pobreza. O descenso do limiar de pobreza nos últimos anos sumado a determinados factores laborais e sociais, e tamén as circunstancias nas que se atopan os fogares, ademais dos recortes en transferencias e dereitos sociais dan lugar a que existan individuos en situación de pobreza a pesares de formar parte do mercado laboral.

A existencia de baixos salarios e a propagación do emprego somerxido tamén favorece o aumento dos traballadores pobres. Sen embargo, cabe destacar que o empobrecemento dos traballadores non é homoxéneo. O traballo por conta propia, a temporalidade, a inestabilidade e a parcialidade xunto coas circunstancias familiares, como a intensidade do emprego no fogar son condicións que se atopan asociadas a un maior nivel de risco de pobreza (Aragón Medina et al., 2012).

En Eurostat atópanse varios datos relevantes asociados a este fenómeno:

- A temporalidade supón un maior grado de vulnerabilidade, aínda que se reduciu como consecuencia da destrución de emprego. No 2013 o risco de pobreza entre os traballadores cun contrato permanente era do 5,4% e o dos traballadores cun contrato temporal era do 17,5%.
- O traballo a tempo parcial tamén amosa maiores taxas de pobreza. Hai que considerar que este tipo de empregos está asociado a peores condicións

salariais. No 2013 a taxa de risco de pobreza entre os traballadores cun contrato a tempo completo era do 8,9% mentres que entre os traballadores a tempo parcial era do 18,7%.

- A idade é outro factor no que observamos diferenzas. As persoas novas ademais de altas taxas de desemprego tamén teñen un maior risco de pobreza entre aqueles que traballan. No ano 2013 aqueles que se atopan traballando e teñen unha idade comprendida entre os 18 e os 24 anos teñen unha taxa de risco de pobreza do 15,5%.
- Outro factor a ter en conta para esta situación é o nivel formativo. No ano 2013 os traballadores cun baixo nivel formativo tiñan unha taxa de pobreza do 16,3% mentres que os que teñen formación superior rexistraron unha taxa do 4,7%.
- No 2013 o 33,4% dos traballadores en fogares con baixa intensidade laboral estaban en risco de pobreza.
- Por último, no 2013 o 13,6% dos traballadores con fillos a cargo viven por debaixo do limiar da pobreza.

Outro colectivo vulnerable e con risco de sufrir pobreza son as familias monoparentais. Na Táboa 2: Taxa de risco de pobreza por tipo de fogar, ano 2013, a taxa de risco de pobreza das persoas solteiras con un ou máis fillos a cargo está en torno ao 40%, o que supón case o dobre da media e ademais é moito maior que en calquera outro tipo de fogar.

Táboa 2: Taxa de risco de pobreza por tipo de fogar, ano 2013

	2013
Fogares dunha persoa	19,2
2 adultos sen nenos dependentes	14,8
Outros fogares sen nenos dependentes	11,8
1 adulto con 1 ou máis nenos dependentes	38,0
2 adultos con 1 ó máis niños dependentes	23,3
Outros fogares con nenos dependentes	30,8

Fonte: ECV, INE

Tamén cabe sinalar a gran diferenza existente entre a taxa de risco de pobreza segundo a nacionalidade. Neste sentido, a poboación emigrante que non pertence a ningún país da Unión Europea atopase cunha taxa de risco de pobreza do 47,8% fronte o 16,5% da poboación española, segundo os datos da ECV. No período previo a

crise construíuse un modelo migratorio cun marcado compoñente laboral. Coa chegada da crise observase a fragilidade da situación da poboación estranxeira, para os que a taxa de desemprego é do 36,6% no último trimestre do 2013 segundo os datos da EPA, máis de 12 puntos superior ó das persoas de nacionalidade española (Fundación Foessa, 2014).

Por último é importante tamén analizar o sucedido no ámbito territorial. Como se observa na Ilustración 6: Taxa de risco de pobreza por CC.AA, 2013 as taxas de pobreza máis altas están concentradas en determinadas rexións, fundamentalmente no sur de España, é dicir, en Andalucía, Extremadura, Castela- A Mancha e Murcia, onde a taxa de risco de pobreza supera a media. Aquelas Comunidades Autónomas onde a poboación está máis envellecida, a taxa de risco de pobreza é máis reducida que na media española, estas rexións son Galicia, Asturias e Castela- León. Outra apreciación importante a realizar é que algunhas das Comunidades Autónomas con maior renda per cápita, Madrid, Cataluña e Baleares, aínda que teñen taxas de pobreza baixas están próximas a media.

Ilustración 6: Taxa de risco de pobreza por CC.AA, 2013



Fonte: ECV 2013, INE

As diferenzas entre as Comunidades Autónomas débense aos cambios na estrutura produtiva, que afectan de distinta forma o territorio, ademais do desigual envellecemento da poboación e a cesión aos gobernos territoriais de parcelas decisivas para o benestar social (Ayala Cañón, 2012).

4. A pobreza e as suas dimensións

4.1. Estratexia Europa 2020

O empeoramento das condicións de vida, non só en España senón tamén dentro de todo o conxunto da Unión Europea, levou a Comisión europea a crear a Estratexia Europa 2020, que trata de dar unha maior relevancia as políticas de inclusión social e igualdade. Un dos seus obxectivos principais é o crecemento integrador, que consiste en crear máis e mellores postos de traballo e garantir unha mellor distribución dos beneficios do crecemento. Ademais, estableceuse por primeira vez un obxectivo europeo cuantificado que consiste en reducir en 20 millóns o número de persoas en situación ou risco de pobreza.

Ao mesmo tempo, como marco de actuación para a cohesión social e territorial, a Comisión aprobou, como unha das súas sete iniciativas emblemáticas, a Plataforma Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social, que está vinculada con outras das iniciativas propostas como a de Xuventude en Movemento ou a Axenda de Novas Calificacións e Empregos. Todas estas iniciativas en materia de inclusión e igualdade supoñen un importante avance, sen embargo o seu éxito vai estar condicionado polo grado de implicación dos Estados membros que actualmente se atopan nunha situación de austeridade económica e de contención do gasto público que dificulta o desenvolvemento de políticas sociais.

4.1.1. Obxectivos da Estratexia Europa 2020

A Estratexia Europa 2020 ven a substituír a Estratexia de Lisboa, e está pensada como a resposta da Unión Europea a crise actual, ademais de buscar o crecemento e a competitividade da rexión. Trátase dun documento único no que se recollen as grandes liñas de actuación, tanto económicas como sociais para levar a cabo en Europa nos vindeiros anos (Fonseca, 2010).

Mediante a Estratexia Europa 2020, a Comisión Europea recoñece tres prioridades de crecemento²:

- Crecemento intelixente: desenrolar unha economía baseada no coñecemento e a innovación.
- Crecemento sostible: promover unha economía que faga unha utilización mais eficaz dos recursos.
- Crecemento integrador: fomentar unha economía cun alto nivel de emprego e que teña cohesión social e territorial.

Para conseguir estes fins a Comisión propón os seguintes obxectivos:

- 75% da poboación entre 20 e 64 anos teña emprego, é dicir, que aumente un 6%.
- Manter a inversión do 3% do seu PIB en investigación e desenvolvemento.
- Reducir un 20% as emisións de gases de efecto invernadoiro en relación cos niveis de 1990, ou nun 30% se se dan as condicións necesarias. Ademais, incrementar en ata un 20% o uso de fontes de enerxía renovable no consumo final e incrementar un 20% a eficacia enerxética.
- Reducir un 5% o abandono escolar ata situarse no 10% ou inferior, e que polo menos o 40% da xeración mais nova teña estudos superiores.
- Reducir a pobreza en 20 millóns de persoas, o que supón unha redución do 25%. (Fonseca, 2010)

O último dos obxectivos mencionados vai ser no que este centrada a atención para os sucesivos apartados deste traballo.

² <http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52010DC2020&from=ES>

4.1.2. Obxectivos a acadar en España

Ademais dos obxectivos establecidos para o conxunto da Unión Europea, a Comisión fixou uns obxectivos concretos a acadar en cada país, tendo en conta o estado global da súa economía. Os obxectivos establecidos pola Comisión Europea para España son os seguintes:³

- A taxa de emprego para as persoas entre 20 e 64 anos debe ser do 74% no ano 2020.
- A inversión en I+D en porcentaxe do PIB debe alcanzar o 2%.
- En materia enerxética debese de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, con respecto o ano 2005, nun 10%. Ademais o consumo de enerxía renovable con respecto o total do consumo bruto de enerxía debe ser do 20%.
- En educación, o abandono escolar deberase situar por debaixo do 15 % e a porcentaxe de poboación con estudos superiores debe ser do 44%.
- Con respecto a pobreza e a exclusión social haberá que reducir a poboación en risco de pobreza e exclusión social en polo menos 1,4 ou 1,5 millóns de persoas.

4.2. Indicador AROPE

Para lograr o crecemento integrador definido na Estratexia Europa 2020, hai que ter en conta que non pode ser medido a través de medidas tradicionais. Ademais, a exclusión social non depende só dos ingresos ou da pobreza senón que tamén hai que ter en conta o acceso a determinados bens materiais que inflúen nas condicións de vida, na seguridade financeira así como na participación na vida económica e social.

³ http://ec.europa.eu/europe2020/pdf/csr2014/nrp2014_spain_es.pdf

Por estes motivos, a Comisión Europea creou o indicador AROPE, At Risk of Poverty and/or Exclusion, que se divide en tres subindicadores que se definen da seguinte maneira segundo o INE⁴:

- Persoas que están en risco de pobreza e exclusión social: Refírese as persoas que teñen uns ingresos menores ao 60% da mediana equivalente despois de transferencias sociais.
- Persoas que sofren de privación material grave: É a proporción de poboación que vive en fogares onde carecen de 4 dos seguintes conceptos:
 1. non ter retrasos no pagamento do arrendamento, hipoteca ou recibos relacionados coa vivenda ou compras a prazos
 2. manter a vivenda cunha temperatura adecuada durante os meses fríos
 3. facer fronte a gastos imprevistos
 4. unha comida de carne, polo ou pescado cada dous días
 5. ir de vacacións fora da casa, polo menos unha semana ao ano
 6. un coche
 7. unha lavadora
 8. unha televisión a cor
 9. un teléfono
- Persoas que viven nun fogar cunha baixa intensidade laboral: Número de persoas entre 0 e 59 anos vivindo en fogares onde os adultos en idade de traballar o fixeron menos do 20% do seu potencial de traballo durante o pasado ano.

No caso de atoparse en máis dunha destas situacións, a persoa só será contabilizada unha vez.


A taxa AROPE para España no ano 2013 era do 27,3%, o que supón que máis dunha cuarta parte da poboación se atope en situación de pobreza ou exclusión social, o que representa aproximadamente 12.697.000 persoas. A continuación, na Ilustración 7: Poboación en risco de pobreza segundo o tipo de risco, España 2013 obsérvanse as porcentaxes de poboación que se atopan en algún dos tipos de risco de pobreza anteriormente sinalados. O que mostra unha maior porcentaxe é a taxa de risco de

4

http://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259941637944&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios/PYSLayout

pobreza, onde o 11,3% da poboación total, o que supón que 5.247.000 persoas se atopaban nesta situación no ano 2013. Por outra banda, aínda que cunha porcentaxe moito menor atopábanse as persoas que residen nun fogar con baixa intensidade laboral, co 4,2%, ou o que é o mesmo, 1.948.000 persoas. Por ultimo, a porcentaxe de persoas que se atopaban en privación material severa era a menor das tres, dun 2,2%, o que significa que 1.034.000 persoas sufría de privación material.

Ilustración 7: Poboación en risco de pobreza segundo o tipo de risco, España 2013



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE e EUROSTAT

Ademais, existen interseccións entre as variables, dado que unha mesma persoa pode sufrir varios tipos de pobreza. Desta maneira, un 1,6% da poboación, 745.000 persoas ademais de atoparse en risco de pobreza sofre de privación material severa. Tamén se observa unha alta porcentaxe de persoas que ademais de atoparse en risco de pobreza reside nunha casa con baixa intensidade laboral. O 5,6% da poboación española, é dicir, 2.574.000 persoas estaban nesta situación no 2013. Pola contra, as persoas que sofren dunha alta privación material e residen nun fogar con baixa intensidade laboral é de só o 0,5% (225.000 persoas). Por último, as persoas que se

atopan nunha precaria situación, pois pertencen os tres grupos, alcanza o 1,9% da poboación e inclúe a 858.000 persoas.

A continuación, realízase unha análise máis pormenorizada de cada unha destas tres fontes de pobreza que afectan os residentes en España.


4.2.1. Pobreza monetaria

A pobreza monetaria é a forma máis frecuente de pobreza. Están en situación de pobreza monetaria aqueles individuos que teñen un nivel de ingresos inferior o 60% da mediana dos ingresos do total da poboación. Polo tanto, esta medida é a taxa de risco de pobreza, comentada anteriormente no apartado 3 do traballo referido a situación actual da pobreza en España.

Sen embargo, como o indicador AROPE foi definido pola Comisión Europea que elaborou a Estratexia Europa 2020, cabe sinalar unha importante diferenza da taxa de risco de pobreza española con respecto a media europea da UE-28.

Como se observa na Ilustración 8: Comparación da taxa de risco de pobreza de España e a Area Euro, a taxa de risco de pobreza para España é moi superior a da media europea, incluso para os anos anteriores a crise económica.

Ilustración 8: Comparación da taxa de risco de pobreza de España e a Area Euro




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Eurostat

4.2.2. Privación material severa

A privación material expresa, tal e como quedou exposto anteriormente, a incapacidade para pagar algúns artigos que se consideran necesarios para levar unha vida adecuada. Unha persoa atopase nunha situación de privación material cando non é capaz de alcanzar catro dos nove conceptos da definición.

A Ilustración 9: Privación material severa, segundo a idade e sexo amosa os tipos de privación material segundo os diferentes grupos de idade e o xénero. O grupo de idade que sofre dunha menor privación material e o dos maiores de 65 anos e pola contra, os máis novos, os menores de 16 anos padecen unha privación material maior. Tamén se observa que as carencias materiais se incrementan con respecto o ano 2009, sobre todo para a franxa de idade de 30 a 44 anos.


Ilustración 9: Privación material severa, segundo a idade e sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE

Por outra banda, España, ten unha taxa de risco de pobreza moi alta, superior a da media europea, sen embargo, a porcentaxe de privación material situase por debaixo da media europea como se observa na Ilustración 10: Privación material severa e taxa de risco de pobreza para a Área Euro e España, 2013.

Ilustración 10: Privación material severa e taxa de risco de pobreza para a Área Euro e España, 2013



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da ECV, INE e do Eurostat

Sen embargo este indicador presenta algunhas limitacións que reducen a súa utilidade para o análise dos cambios en privación material nun país como España. Catro dos nove indicadores mencionados anteriormente son bens duradeiros nos países de Europa occidental, ata tal punto de volver a súa carencia moi rara ou pouco relevante. Segundo a ECV, no ano 2013 practicamente non existe ningunha familia que careza de televisión, teléfono ou lavadora debido a falta de ingresos. Por outra banda, o elevado peso do acceso a bens duradeiros dentro da lista total resta ao índice sensibilidade ao ciclo económico dado que a carencia desta clase de bens só se pon de manifesto tras un período prolongado de falta de ingresos. Debido a estes factores é moi difícil analizar o impacto da crise sobre as dificultades materiais dos fogares (Martínez & Navarro, 2012).

4.2.3. Baixa intensidade de traballo por fogar


Nesta medida inclúense o número de persoas de ata 59 anos que viven en fogares onde os adultos traballaron menos dun 20% da súa capacidade durante o ano anterior.

Tal é como se atopa especificado no INE, calculase o número de meses nos que os membros do fogar traballaron durante o ano de referencia e o número de meses que

poderían ter traballado durante o ano. Con estes datos calcúlase a ratio e determínase se é inferior ao 20%.

Na Ilustración 11: Fogares con baixa intensidade laboral figura a evolución temporal dos fogares que se atopan en situación de baixa intensidade laboral dende o ano 2004 para España en comparación coa media da Área Euro dende o ano 2007. A media Española parte por debaixo da Europea ata situarse actualmente moi por riba desta.

Ilustración 11: Fogares con baixa intensidade laboral



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Eurostat

Outra apreciación importante atopase entre os anos 2009 e 2011 para España, onde destaca un forte aumento dos fogares que se atopan con baixa intensidade laboral.

O desemprego é unha das causas mais importantes da pobreza, e a taxa de desemprego en España situase moi por riba da media doutros países europeos, debido fundamentalmente o forte aumento do desemprego experimentado durante a crise económica.

4.3. Estado dos obxectivos

A continuación analízase a situación na que se atopaba España no ano 2014 en relación os obxectivos que a Comisión Europea fixou para o 2020. Como o tema deste traballo é a pobreza só se comentan aqueles obxectivos que gardan relación coa pobreza e a exclusión social, é dicir, o emprego, a educación e o estado da pobreza en si.

Na Táboa 3: Evolución dos obxectivos da Estratexia 2020 aparece un resumo cos obxectivos que a Comisión Europea fixou para España, o estado dos mesmos para o ano 2014 e cal é o obxectivo a acadar a nivel europeo.

No referente o emprego o obxectivo a lograr para o ano 2020 en España é que o 74% das persoas entre 20 e 64 anos teñan emprego. No ano 2014, esta porcentaxe situábase no 59,9%, moi lonxe aínda do obxectivo fixado.

Táboa 3: Evolución dos obxectivos da Estratexia 2020

	Obxectivos	2014	2020 Obxectivo Europeo
Emprego	Emprego para o 74% das persoas de 20 a 64 anos	59,9%	75%
Educación	Taxas de abandono escolar prematuro por debaixo do 15%	21,9%	10%
	Polo menos un 44% das persoas de 30 a 34 anos de idade deberán completar estudos de nivel terciario	42,3%	40%
Pobreza e exclusión social	Reducir polo menos en 1,4 - 1,5 millóns o número de persoas en situación ou risco de pobreza e exclusión social	27,3% (*)	20 millóns de persoas menos
(*)Dato de 2013			

Fonte: Programa Nacional de Reformas 2015⁵

Por outra banda, en canto os obxectivos para educación, a taxa de abandono escolar prematuro debería ser no ano 2020 inferior ao 20% para España, no ano 2014 esta taxa situábase no 21,9%. O outro obxectivo referido a educación é que polo menos un

5

<http://www.minhap.gob.es/Documentacion/Publico/GabineteMinistro/Varios/SP%20PNR%20%202015%20FINAL.PDF>

44% das persoas de entre 30 e 44 anos teñan estudos de nivel terciario. No 2014, esta porcentaxe era do 42,3 %.

Por último o obxectivo a lograr en canto a pobreza propiamente dito é que no 2020 se reducira o número de persoas que se atopa en situación de pobreza e exclusión social en 1,5 millóns de persoas. No ano 2013, a porcentaxe de cumprimento de este obxectivo era do 27,3%.

5. A privación material, a pobreza e o desemprego

Dado que o AROPE é un indicador composto, procede realizar unha análise dos factores que compoñen para saber cal deles inflúe máis para obter o resultado final, durante os anos para os cales existe este indicador, é dicir, dende o 2009 ata o 2013. O método máis axeitado é un análise factorial confirmatorio.

O modelo proposto para explicar a privación material recollese na Ilustración 12.


Os modelos de ecuacións estruturais permiten estimar o efecto e as relacións entre múltiples variables. A gran vantaxe destes modelos é que permiten propoñer o tipo e a dirección das relacións que se espera atopar nas diversas variables contidas nel, para pasar posteriormente a estimar os parámetros que veñen especificados polas relacións propostas a nivel teórico. Debido a isto tamén son chamados modelos confirmatorios xa que tratan de confirmar mediante a análise da mostra as relacións propostas (Ruiz Díaz, Pardo Merino, & San Martín Castellanos, 2010).

No modelo reflectido na Ilustración 12, a privación material para as persoas é unha variable latente, composta por catro indicadores: a capacidade para afrontar gastos imprevistos, a dispoñibilidade dun ordenador portátil, o non ter retrasos no pagamento do arrendamento, a hipoteca ou recibos a prazos relacionados coa vivenda e a dispoñibilidade de automóbil, está explicada pola pobreza, que tamén é unha variable latente e está composta por dous indicadores: a baixa intensidade de traballo e o risco de pobreza.

No modelo, tamén están incluídos os parados no ano 2013, que é unha variable exóxena que inflúe na privación material.

Ao ser un modelo de tipo estatístico contempla a existencia de erros de medida das observacións obtidas na realidade.

Ilustración 12: Modelo de privación, pobreza e exclusión



A ecuación na que podemos sintetizar o modelo sería a seguinte:

$$y_t = \beta_1 X_{1t} + \varepsilon$$

onde y_t é a privación material e X_{1t} é a pobreza.

Mediante este modelo contrastase a seguinte hipótese nula:

H_0 : A privación material non inflúe na pobreza

H_1 : H_0 falsa

6. Resultados

6.1. Análise dos factores AROPE

No apartado 4.2 Indicador AROPE referido a este, quedou visto como este indicador se compón de tres factores: a taxa de risco de pobreza, a privación material severa e vivir nun fogar con baixa intensidade laboral. O resumo dos resultados obtidos a través do programa estatístico SPSS atópanse na Táboa 4: Resultados do análise factorial confirmatorio do indicador AROPE situada a continuación:

Táboa 4: Resultados do análise factorial confirmatorio do indicador AROPE

Ano	Taxa de risco de pobreza	Privación material severa	Vivindo en fogares con baixa intensidade laboral
2009	0,90	0,69	0,87
2010	1,17	0,58	0,66
2011	0,77	0,43	1,09
2012	0,90	0,76	0,80
2013	0,99	0,59	0,80

Fonte: Elaboración propia a partir de datos obtidos do SPSS


O factor máis importante para explicar o indicador AROPE é a taxa de risco de pobreza, posto que o seu resultado é maior que para os outros dous compoñentes, a excepción do resultado obtido para o ano 2011 onde o factor máis importante para explicar o indicador AROPE é o feito de vivir en fogares con baixa intensidade laboral.

O segundo compoñente máis importante para obter o resultado do indicador AROPE é o feito de vivir en fogares con baixa intensidade laboral, a excepción do que ocorre nos

resultados obtidos para o ano 2011. O factor que menos relevancia ten para explicar o resultado do indicador AROPE é o feito de padecer privación material severa.

6.2. Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión

Ilustración 13: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión



Os resultados obtidos na estimación do modelo de privación, pobreza e exclusión están na Ilustración 13: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión, onde

se observan os resultados para o conxunto do modelo. Tal e como se ve o axuste do modelo é bo, posto que se sitúa no 99,6% (CFI).

Os indicadores polos que cada variable latente está composta son relevantes para explicar tanto a privación material como a pobreza ($p < 0,001$), tal como se reflicte na Táboa 5: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión onde se aprecia como na variable latente privación material, todas os compoñentes polos que está formado son significativos para explicar a privación material. No caso da pobreza os dous indicadores polos que está composto tamén son relevantes para explicala posto que $p < 0.001$ para todas elas.

Táboa 5: Resultados do modelo de privación, pobreza e exclusión

Variable latente	Variable observable	Estimador estandarizado
Privación Material	Non pode dispoñer de portátil 2013 (*)	0.906
	Retrasos en pagos da vivenda 2013 (*)	0.855
	Afrontar gastos imprevistos 2013 (*)	0.944
	Non pode dispoñer de automóbil 2013 (*)	0.794
Pobreza	Vivir en fogares con baixa intensidade laboral 2013 (*)	0.831
	Poboación en risco de pobreza (Europa2020) 2013 (*)	0.958

(*) $p < 0.001$

Para ver a importancia de cada indicador na variable da que forma parte débense tomar os estimadores estandarizados. Canto máis alto sexa o valor do estimador estandarizado máis relevante será o indicador para obter a variable latente. O indicador máis importante para explicar a privación material é a capacidade para afrontar gastos imprevistos, seguido de non poder dispoñer dun ordenador portátil, ter retrasos no pago da vivenda e por último o non poder dispoñer de automóbil. No caso da pobreza o indicador máis importante é a variable poboación en risco de pobreza, é dicir, sufrir de carencias monetarias fronte a vivir en fogares con baixa intensidade laboral.

Outro resultado moi importante a destacar na estimación do modelo é o resultado referido a incidencia da variable esóxena parados sobre a privación material. Este estimador dá un resultado de 0,03, ademais $p > 0,05$ polo tanto esta variable non é relevante para explicar a privación material.

Polo tanto, o modelo quedaría definido como:

$$y = 0,341 X$$

sendo y a privación material e X a pobreza.

No referido a contrastación da hipótese nula referida a que privación material non inflúe na pobreza, queda rexeitada esta hipótese a un nivel de significación do 5% e polo tanto, segundo os resultados do modelo, a carencia material si depende da pobreza.

De esta análise, realizada a partir de ecuacións estruturais, desprendese que a pesares de parecer unha variable clave para explicar unha situación de carencia atoparse en situación de paro, esta non se mostra relevante, debido as transferencias sociais que realiza o Estado, principalmente as prestacións por desemprego.

Este resultado está vinculado co progresivo empeoramento do mercado laboral, onde os salarios cada vez son máis baixos e as condicións laborais máis precarias, o que fai que aumente a pobreza laboral, posto que cada vez hai unha maior cantidade de persoas que a pesar de formar parte do mercado laboral seguen en situación de pobreza. Polo tanto, en moitos casos as prestacións por desemprego superan o salario percibido polos traballadores, por iso as súas carencias son menores.

7. Conclusións

A partir do presente traballo tratase de dar resposta a una serie de obxectivos, analizando aqueles individuos que son máis vulnerables fronte a pobreza e vinculando a evolución da pobreza coa situación económica española. Ademais analízase como a pobreza inflúe en situacións de carencia material.

A través da análise realizada confirmase a existencia en España dun novo tipo de pobreza, a pobreza laboral. Esta é a máis clara consecuencia da crise económica. No apartado 3 fíxose referencia ao crecemento deste fenómeno no que se atopan persoas que forman parte do mercado laboral e que sen embargo se atopan por debaixo do limiar de rendibilidade. Tal e como quedou referido, as persoas que teñen un traballo a tempo parcial ou un contrato temporal son máis propensas a sufrir este tipo de pobreza, ademais de outros factores, como a idade e o nivel formativo que tamén son claves.

Este fenómeno xa foi recoñecido por Medialdea e Álvarez (2005) como un concepto amplamente utilizado nos estudos do mercado laboral de Estados Unidos, pero novedoso e pouco tratado nos análises de economía europea. Ademais sinalan que o relevante deste fenómeno é que, independentemente de se se traballa e se obtén un salario é menos probable ser pobre que se non se ten ese ingreso, a obtención dun salario xa non é unha fórmula eficaz para evitar a pobreza.

Por outra banda, segundo ao análise realizado ao indicador AROPE cabe destacar a importancia que ten no seu cálculo a taxa de risco de pobreza e o feito de vivir en fogares con baixa intensidade laboral. Sen embargo (como se pode observar no

apartado 6.1.) a privación material severa é o factor menos relevante para o seu cálculo. Isto é debido a que para atoparse en situación de carencia material severa unha persoa debe ter carencia en catro dos nove ítems que esta medida reconece. Sen embargo, existen algúns bens desta lista os que o acceso é moi sinxelo, como por exemplo dispoñer de lavadora (apartado 4.2.2. do traballo).

A través do presente traballo tamén se conclúe que as ecuacións estruturais son un bo método para explicar a pobreza. Así, as variables latentes: pobreza e privación material quedan determinadas en base aos indicadores ou variables observables, identificadas cos datos do INE.

No relativo aos indicadores polos que está composta a carencia material (recollidos no apartado 5), este traballo permitiu identificar aos que son máis relevantes para a determinación da variable latente de entre todos os que a medida AROPE recolle.

Finalmente, comprobouse a estreita relación entre a pobreza e a carencia material. O incremento dos niveis de pobreza e do número de pobres como consecuencia da crise económica en España reforza a existencia de carencia material. A través do modelo proposto neste traballo explícase a carencia material en función da pobreza, variables entre as que existe unha forte interdependencia, como queda demostrado polos coeficientes acadados no axuste global do modelo ($CFI=0,996$, apartado 6.2.) ou mesmo polo coeficiente R^2 axustado, que ten un valor maior a 0,95 .

8. Bibliografía

Alamá, L., & Fuertes, A. M. (2009). Cronología de la crisis económica y debilidades de la globalización. La economía española en el contexto internacional. *Economía y Sociedad*, 53, 1-14.

Aragón Medina, J., Cruces Aguilera, J., Fuentes Sanz, L. d. I., Martínez Poza, A., & Otaegui Jáuregui, A. (2012). Trabajadores pobres y empobrecimiento en España. *Zerbitzuan: Gizarte Zerbitzuetarako Aldizkaria = Revista De Servicios Sociales*, (52), 119-128.

Ayala Cañón, L. (2012). Desigualdad y pobreza en España en el largo plazo.

Ayala Cañón, L., & Hernandez Pedreño, M. (2008). *Exclusión social y desigualdad* EDITUM.

Banyuls i Llopis, Josep M. (2014). Determinantes de la crisis en España: Dinámica económica reciente y políticas públicas. *Anuario IET De Trabajo y Relaciones Laborales*, (2), 79-90.

Comisión Europea. (2010). *COMUNICACIÓN DE LA COMISIÓN EUROPA 2020. Una estrategia para un crecimiento inteligente, sostenible e integrador*. Bruselas

- Estivill, J. (2003). *Panorama de la lucha contra la exclusión social: Conceptos y estrategias* International Labour Organization.
- Fonseca, F. (2010). Una respuesta duradera para una crisis global: La iniciativa UE 2020. *Boletín Económico De ICE, Información Comercial Española*, (2989), 23-28.
- Fresno, J. M. (2011). *Inclusión, estrategia Europa 2020 y programa nacional de reformas* Universidad de León.
- Fundación Foessa. (2014). *VII informe sobre exclusión y desarrollo social en España*. Madrid: Fundación Foessa.
- García Espejo, I., & Ibáñez Pascual, M. (2007). Los trabajadores pobres y los bajos salarios en España: Un análisis de los factores familiares y laborales asociados a las distintas situaciones de pobreza. *Empiria. Revista De Metodología De Ciencias Sociales*, (14), 41-67.
- Hernández Pedreño, M. (2010). El estudio de la pobreza y la exclusión social. Aproximación cuantitativa y cualitativa. *Revista Interuniversitaria De Formación Del Profesorado*, (69), 25-46.
- Instituto Nacional de Estadística. (2007). La pobreza y su medición. Presentación de diversos métodos de obtención de medidas de pobreza.
- Lorenzo Gilsanz, F. J., Española, C., & FOESSA, F. (2014). Poverty and social exclusion in Spain: Structural consequences of our growth model. *Revista Internacional De Políticas De Bienestar y Trabajo Social International Welfare Policies and Social Work Journal*, 91.

- Martínez, R., & Navarro, C. (2012). Baja renta y privación material en España: ¿qué factores explican las diferencias en el perfil de los grupos de riesgo?
- Medialdea, B., & Álvarez, N. (2005). Ajuste neoliberal y pobreza salarial: Los “working poor” en la unión europea. *Viento Sur*, 82, 56-64.
- Ortega, E., & Peñalosa, J. (2012). In Banco de España (Ed.), *Claves de la crisis económica española y retos para crecer en la UEM*
- Pérez Moreno, S. (2009). El estudio de la pobreza en España desde una óptica económica: Medición y políticas. *Estudios De Economía Aplicada*, 27(2), 349-372.
- Rocha, F., & Aragón, J. (2012). La crisis económica y sus efectos sobre el empleo en España. *Gaceta Sindical: Reflexión y Debate*, 19, 67-90.
- Ruiz Díaz, M. Á., Pardo Merino, A., & San Martín Castellanos, R. (2010). Modelos de ecuaciones estructurales. *Papeles Del Psicólogo*, 31(1), 34-45.
- Tezanos, J. F. (1998). *Tendencias de dualización y exclusión social en las sociedades avanzadas: Un marco para el análisis* Departamento de Sociología III (Tendencias Sociales), Facultad de Ciencias Política y Sociología, UNED.
- Valls Fonayet, F., & Belzunegui Eraso, Á. (2014). La pobreza en España desde una perspectiva de género.
- Wagle, U. (2002). Volver a pensar la pobreza: Definición y mediciones. *Revista Internacional De Ciencias Sociales*, 171, 18-33.

